

Pensións Públicas e Dignas



STEG defende a Blindaxe das Pensións na Constitución

No STEG consideramos unha prioridade Blindar o Sistema Público de Pensións na Constitución e garantir a súa sostibilidade.

A Constitución non recoñece de forma explícita o sistema público de pensións e deixa a porta aberta a que se poida privatizar.

Asegurar pensións públicas que permitan manter un nivel de vida digno é unha cuestión de máxima importancia social e política.

O artigo 50 da Constitución Española afirma:

«Los poderes públicos garantizarán, mediante pensiones adecuadas y periódicamente actualizadas, la suficiencia económica a los ciudadanos durante la tercera edad».

Sen embargo, actualmente as pensións son un “principio reitor”, e dicir, son só orientacións que deben “inspirar” aos poderes públicos, pero non obrigacións.

Non son dereitos constitucionais e o seu cumprimento depende da política.



<http://www.steg.gal>

Por iso o STEG considera fundamental unha reforma da Constitución que inclúa as pensións como dereito fundamental, e blinde o Sistema Público de Pensións, coa prohibición expresa de que calquera goberno, actual ou futuro, poida limitar, recortar ou privatizar, total ou parcialmente o Sistema Público de Pensións.

O STEG demanda que a Constitución recolla no seu articulado, como obrigación ineludible, o mantemento do poder adquisitivo real das pensións públicas e, por tanto, a imposibilidade de que ningún tipo de medida, xa sexan recortes, subidas de impostos, copagos, aumento das tarifas dos servizos básicos ou calquera outra, poida afectar as pensións, á excepción daquelas que sexan favorables para as mesmas.

Pedimos ao Goberno a prohibición expresa na lexislación da privatización do sistema de pensións, garantindo a sostibilidade do sistema público de pensións a cargo dos Presupostos Xerais do Estado e suprimindo os beneficios fiscais aos plans privados de pensións.

A ofensiva internacional en contra das pensións públicas e a favor das privadas, acorde coa política neoliberalista que se ven aplicando dende os gobernos nos últimos anos, seguindo as directrices e presións da UE, parte do único propósito de favorecer os intereses de determinados organismos financeiros e económicos, como o FMI, o Banco Mundial, a banca, as aseguradoras e as grandes empresas. Estas manobras están potenciadas polas entidades financeiras e por determinadas forzas económicas e políticas.

Estase difundindo de xeito deliberado unha mensaxe enganosa e catastrofista sobre o futuro das pensións públicas. Isto só pode ter unha consecuencia: que cada vez máis xente desconfíe do sistema público e trate de asegurarse o futuro mediante plans de aforro privado.

Existen sospeitas ben fundadas de que as campañas realizadas para sementar dúbidas acerca da viabilidade das pensións públicas teñen como finalidade potenciar os fondos privados de pensións.

De aí que en todas as reformas se exprese a necesidade de completar as pensións públicas con pensións privadas. Ese é o negocio que buscan as entidades financeiras, pero se oculta á poboación que a maioría dos traballadores non poderá aforrar o suficiente, que eses fondos son moi inseguros e perigosos, e que só son rendibles grazas ás desgravacións fiscais.

Os fondos de pensións só benefician as entidades financeiras depositarias das inversións, de feito deixarían de existir tan pronto como desaparecese a desgravación fiscal, xa que é un produto financeiro que sen os beneficios fiscais ninguén -nin ricos nin pobres- demandaría, pero que proporcionan grandes vantaxes para as entidades financeiras: fondos presos que manexan ao seu antollo a través das xestoras e que lles dotan de enorme poder económico, á vez que lles permiten apropiarse mediante distintas comisións da case totalidade da rendibilidade que tales recursos poidan xerar.

O STEG pide ao Goberno que se garanta a sostibilidade do Fondo Público de Pensións, sen reducilas en función da esperanza de vida.

Denunciamos que se oculta á cidadanía que as cotizacións sociais non son necesariamente a única vía de financiamento das pensións públicas.

Nun Estado definido como social pola Constitución, a protección social é unha responsabilidade do Estado. As pensións, establecidas na Constitución como un dereito dos cidadáns, teñen a consideración de «gastos obrigatorios» e, pola súa natureza, non están ligados á suficiencia de recursos orzamentarios, nin á evolución dunha determinada fonte de ingresos. É o Estado, por tanto, quen ha de acorrer cos recursos necesarios para asegurar o pago das pensións, sexa coas cotizacións ou con calquera outro imposto. É inconcibible e inaceptable que as pensións se deban financiar exclusivamente mediante cotizacións sociais. Como xa ocorre noutros países, en caso de crise ou de insuficiencia das cotizacións para financiar as prestacións, o desfase debe ser sufragado a cargo dos Orzamentos Xerais do Estado. Son os recursos do Estado os que teñen que facer fronte á totalidade dos gastos do Estado, tamén das pensións.

É de supor que, na caixa do Estado, todos os ingresos, incluídos impostos e cotizacións sociais, financian todos os gastos, tamén os da Seguridade Social.

A separación entre Seguridade Social e Estado é soamente administrativa, non económica ou política. A Seguridade Social é parte integrante do Estado.

A auténtica ameaza para sobre as pensións cando se pretende presentar a Seguridade Social como algo distinto e separado dos servizos do Estado, como fai o Pacto de Toledo, que establece fontes de financiamento diferentes segundo as prestacións sexan contributivas, responsabilidade da Seguridade Social ou non contributivas, responsabilidade do Estado. O certo é que, na práctica, se fai depender o mantemento das pensións unicamente das cotizacións sociais, co que o seu financiamento é moi vulnerable.

Este divorcio entre Seguridade Social e Estado só se pode soste desde unha concepción neoliberal, baseada nunha redución drástica do gasto público e da intervención do Estado na economía en favor do sector privado.

O simple feito de dar como posible a quebra da Seguridade Social é xa un atentado ao Estado social que consagra a Constitución. A súa quebra só se pode concibir unida á quebra do Estado, co afundimento total da economía nacional, en cuxo caso non só serían os pensionistas os que terían dificultades, senón todos os cidadáns: funcionarios, empresarios, asalariados, inversores e, por suposto, os posuidores de fondos privados de pensións, que esquecen que son estes os que teñen máis risco de volatilizarse.

Non se pode cuestionar a viabilidade do sistema de pensións pola severidade da crise económica. O que está en cuestión, en todo caso, é a política económica seguida, baseada no neoliberalismo, que pretende reducir ao mínimo a intervención do Estado en materia económica e social.

Supeditar a solución das pensións á cantidade de aforro que cada individuo poida acumular ao longo da súa vida activa é condenar á pobreza na súa vellez a grande maioría da poboación. O 60% dos cidadáns carecen de capacidade de aforro (non chegan a fin de mes) e outro 30%, se aforra, o fai nunha contía a todas luces insuficiente para garantir o mínimo vital na xubilación.

Por iso **o STEG pide que se derroguen as últimas leis de reforma das pensións e o Pacto de Toledo**, un pacto para banqueiros e empresarios que non garante a sostibilidade das pensións.

Non podemos deixar de denunciar enerxicamente que as últimas leis de reforma das pensións supoñen un engano aos cidadáns para favorecer os grandes grupos financeiros de presión, as entidades bancarias e aseguradoras, o que consideramos unha verdadeira traizón aos intereses da maioría da poboación.

Denunciamos que esas reformas se fixeron con argumentos falsos e sen a participación da sociedade, e só dirixida a minguar unha vez máis as pensións.

Denunciamos que o grupo «de sabios» que elaborou o informe e as recomendacións do Pacto de Toledo, solicitados polo Goberno, tivo unha composición claramente sesgada e pouco independente. A inmensa maioría deles tiveron ou teñen unha evidente vinculación con entidades financeiras ou de seguros que é obvio que van beneficiarse dunha eventual rebaixa das pensións e dun aumento da subscrición de plans de aforro privados.

Denunciamos a complicidade dos gobernos con certos intereses espurios, non adoptando as decisións lexislativas necesarias para aumentar os ingresos na Seguridade Social e ao dobregarse ante quen ven impoñendo as políticas que crean o paro, a concentración da riqueza e o empobrecemento produtivo que é o que pon realmente en perigo as pensións.

O STEG defende o mantemento da prórroga da xubilación anticipada aos 60 anos e 30 anos de servizo para todos os docentes.

Consideramos que é necesaria debido ao desgaste que sofre o profesorado no desempeño das súas funcións e para renovar o persoal e impulsar o relevo xeracional no emprego. Aumentar a idade de xubilación para todos os grupos de traballadores sin distinción parécenos unha medida tremendamente inxusta.

O STEG di NON ao aumento da idade de xubilación e reclama ao Goberno a volta á xubilación forzosa aos 65 anos.

Ao alongar a idade de xubilación, impídese que as novas xeracións teñan acceso ao traballo, facendo que o paro sea un problema aínda maior. O 40% da nosa xuventude está no paro ou tivo que emigrar para buscar traballo fora da súa terra.

O STEG di NON a aumentar os anos de cotización para ter dereito ao 100% da pensión e o cálculo da súa contía.

O STEG reclama a regulación da redución de xornada para os docentes maiores de 55 anos sen perda salarial. Antes dos recortes, nalgunhas comunidades autónomas, aplicábase a redución de horas lectivas para os maiores de 55 anos. En Galiza iso nin sequera se contempla. Esiximos á Consellería medidas inmediatas para este colectivo afectado cada vez máis polo crecente estrés e a carga burocrática dos últimos anos, con horarios exhaustivos, elevadas ratios e presións por parte dunha Administración marcada polos recortes, que deixaron ao persoal docente nunhas condicións que non fixeron outra cousa que empeorar día a día, dando prioridade ao aforro fronte á calidade. Son precisamente os maiores de 55 anos os que máis están sufrindo estes problemas laborais. Démoslle unha oportunidade ás novas xeracións de docentes para que eles renoven e refresquen o ensino.

Somos plenamente conscientes de que as nosas pensións públicas corren un grave perigo pero non polas razóns que se aducen senón xustamente polas que calan e que os mesmos gobernos provocaron. Sabemos que o envellecemento da poboación aumentará o noso gasto e que iso require dispor de máis recursos, pero a solución non pode ser reducir a contía das pensións ou aumentar a idade de xubilación ata o infinito, senón determinar cantos novos recursos se van a necesitar e poñer sobre a mesa a forma que temos de xeralos.

Facemos un chamamento, por tanto, desde o STEG, a denunciar as propostas do Goberno, a manifestar o noso rexeitamento e pedir con firmeza outra política económica fronte á crise que non siga destruindo emprego e xerando cada día máis débeda e empobrecemento.